



RESOLUCIÓN do 22 de marzo de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se designan os membros e se fai pública a composición do tribunal que avaliará e supervisará a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos correspondente ao ano 2021

A Resolución do 15 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos e se ditan instrucións para a súa realización, establece na súa epígrafe décimo segunda que para avaliar e supervisar a proba, a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional designará un tribunal composto por un presidente ou unha presidenta e catro vogais.

En conformidade co establecido na citada epígrafe da Resolución do 15 de febreiro de 2021 pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos correspondente ao ano 2021, esta Secretaría Xeral

RESOLVE

Primeiro. Designar os membros do tribunal que deberá avaliar e supervisar a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos correspondente ao ano 2021 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo. Poderanse constituír comisións técnicas integradas por funcionarios e funcionarias dos corpos de catedráticos/as de ensino secundario e/ou de profesores/as de ensino secundario especialistas nas distintas materias que compoñen a proba, aos efectos de colaborar co tribunal na aplicación e na corrección dos exercicios.

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela,

José Luis Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional





ANEXO

Tribunal

Titulares

Presidenta titular: Isabel Serna Masiá, inspectora de educación

Vogal titular 1: Guillermina Domínguez Touriño, profesora de ensino secundario

Vogal titular 2: Pedro Antonio Labraña Barrero, profesor de ensino secundario

Vogal titular 3: José Manuel Piñeiro Mourín, profesor de ensino secundario

Vogal titular 4: Raquel Rodríguez Blanco, profesora de ensino secundario

Suplentes

Presidenta suplente: Marina Armada Vigo, inspectora de educación

Vogal suplente 1: Francisco Javier Poch Gutiérrez, profesor de ensino secundario

Vogal suplente 2: Juan Carlos Fandiño de la Torre, profesor de ensino secundario

Vogal suplente 3: Lourenzo Álvarez Ruíz, profesor de ensino secundario

Vogal suplente 4: Ismael Alonso Lorenzo, profesor de ensino secundario

